DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de desenvolvemento territorial, sectores produtivos, emprego sostible e transición ecolóxica

Referencia: PEL-REDE COWORKING / 2027
Expediente convocatoria: 2026000028019

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS PARA A DINAMIZACIÓN E XESTIÓN DOS ESPAZOS DE TRABALLO DA REDE PROVINCIAL DE COWORKING DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO ANO 2027 (PEL-REDE COWORKING / 2027)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: “A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente”.

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións para a dinamización e xestión dos espazos de traballo da Rede Provincial de Coworking da Deputación da Coruña no ano 2027", e vistos os informes do Servizo de desenvolvemento territorial, sectores produtivos, emprego sostible e transición ecolóxica, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións para a dinamización e xestión dos espazos de traballo da Rede Provincial de Coworking da Deputación da Coruña no ano 2027", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2027 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións para a dinamización e xestión dos espazos de traballo da Rede Provincial de Coworking da Deputación da Coruña no ano 2027", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións para a dinamización e xestión dos espazos de traballo da Rede Provincial de Coworking da Deputación da Coruña no ano 2027, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciarase ás 09:00 horas do día 20 de novembro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 18 de decembro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS PARA A DINAMIZACIÓN E XESTIÓN DOS ESPAZOS DE TRABALLO DA REDE PROVINCIAL DE COWORKING NO ANO 2027 (PEL-REDE COWORKING 2027)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Desenvolvemento Territorial, Sectores Produtivos, Emprego Sostible e Transición Ecolóxica
Sección	PEL/Emprego
Anualidade	2027
Denominación	Liña 2.2. PEL-Rede Coworking: Programa de subvencións para a dinamización e xestión dos espazos de traballo da Rede Provincial de Coworking da Deputación da Coruña no ano 2027
Persoas beneficiarias	Concellos e entidades sen ánimo de lucro titulares de espazos de traballo adheridos á Rede Provincial de Coworking da Deputación da Coruña
Programa	PEL-REDE COWORKING/2027
Aplicación orzamentaria	0520/24100/46201---204.000,00 € ------ Concellos 0520/24100/481 ---- 51.000,00 €------ Entidades
Importe da convocatoria	255.000,00 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Máximo 54.000,00 €
Importe da subvención que se vai conceder	Máximo 27.000,00 €
Importe solicitado	Ata o 50% do orzamento de gastos subvencionables
Coeficiente de financiamento	Como máximo 0,5
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

Exposición de motivos

A Rede Provincial de Coworking da Deputación da Coruña está integrada por centros de traballo impulsados por concellos e entidades sen ánimo de lucro que dispoñen de

RPT-21603607

instalacións para o seu uso como espazo de traballo colaborativo, ben sexan viveiros de empresas, centros de negocios, espazos de coworking ou obradoiros colaborativos de transformación agroalimentaria.

Estes espazos están deseñados para ofrecer módulos de traballo ou maquinaria de transformación a novas empresas e persoas emprendedoras, brindándolles servizos comúns que cobren as súas necesidades básicas e facilitan a posta en marcha e consolidación dos seus negocios durante os primeiros anos. O acceso temporal a estes recursos permite ás empresas emerxentes desenvolverse nunha contorna adecuada, favorecendo a súa competitividade no mercado.

A Rede Provincial de Espazos de Traballo ten como propósito non só fomentar a creación e consolidación de novas empresas na provincia, senón tamén atraer talento, fomentar a innovación, poñer en valor os recursos locais e modernizar o tecido empresarial, especialmente no rural, mediante a oferta de servizos complementarios aos xa proporcionados por outras administracións públicas. A Deputación segue apostando por un programa de emprendemento en colaboración con entidades do territorio expertas neste eido que ofrece recursos e servizos específicos para persoas emprendedoras, tales como asesoramento especializado, acceso a financiamento, formación e mentorías.

O obxectivo xeral dos servizos que se prestan a través dos distintos espazos da Rede é que aquelas persoas que accedan aos mesmos, no só teñan a posibilidade de utilización dun espazo físico, senón que se produza un enriquecemento dos seus proxectos e o xurdimento de novas ideas de negocio a través da interacción con outras persoas e da participación en determinadas accións formativas e de dinamización.

BASES

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña. Así mesmo será de aplicación para estas subvencións o establecido no Protocolo de Actuación dos Espazos de Traballo Integrados na Rede Provincial.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 3: "Impulsar o desenvolvemento económico e social da provincia coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio e contribúan a frear o despoboamento.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1 Obxecto e finalidade

As presentes bases teñen por obxecto subvencionar os custos de funcionamento, xestión e

dinamización dos centros de coworking adheridos á Rede Provincial de Espazos de Traballo da Deputación da Coruña.

A finalidade destas axudas é que todos os espazos de traballo da Rede Provincial da Deputación da Coruña funcionen de xeito dinámico, autosuficiente, eficiente e coordinado.

2.2 Ámbito temporal

A execución das activiadades subvencionables deberá ser realizada **entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2027**. Fóra deste período o gasto considerarase como non válido para efectos de xustificación da subvención.

Base 3. Solicitantes

Son entidades destinatarias destas axudas todos os concellos da provincia e entidades sen ánimo de lucro titulares dos centros de traballo adheridos á Rede Provincial de Espazos de Traballo no momento de publicación das presentes bases reguladoras.

Base 4. Gastos subvencionables

4.1 Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables ao abeiro desta convocatoria aqueles gastos de carácter corrente que sexan estritamente necesarios para a xestión, funcionamento e dinamización do espazo de traballo adherido á Rede Provincial de Espazos de Traballo da Deputación da Coruña e que se atopen dentro dos seguintes conceptos de gasto:

Conta	Descrición da conta dos gastos subvencionables para a realización de actividades
600	Compras de bens destinados á actividade: Compras de bens necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto desta subvención e que non teñan carácter inventariable, por exemplo: material escolar e para obradoiros, material de cursos de formación (carpetas, bolígrafos, manuais, material informático non inventariable)
607	Traballos realizados por outras empresas: Necesarios para a prestación do servizo que constitúe o obxecto da actividade do coworking
621	Arrendamentos e canons
622	Reparacións e conservación
623	Servizos de profesionais independentes: Servizos de profesionais independentes como relatores, asesores, publicistas, abogados,

Conta	Descrición da conta dos gastos subvencionables para a realización de actividades
	arquitectos, economistas, etc.
627	Publicidade, propaganda e relacións públicas: Material e servizos de difusión como cartelería, material de imprenta, publicidade en medios de comunicación, edición e publicación de libros, catálogos, etc. que sexan necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto desta subvención
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade

4.2 Consideracións respecto aos gastos subvencionables a solicitar

A contratación de traballos realizados por outras empresas para a xestión do centro axustarase ao disposto na Lei de Contratos do Sector Público.

Unicamente poderán solicitar **gastos de persoal (contas 640 e 642)** as entidades sen ánimo de lucro, excluíndose aos concellos, e só será subvencionable os gastos do persoal contratado para as actividades directamente relacionadas coa xestión, funcionamento e dinamización do espazo de traballo adherido á Rede Provincial. Na memoria xustificativa deberá detallarse a necesidade do posto, a xornada laboral imputada ao proxecto e as funcións específicas desenvolvidas por cada persoa traballadora.

Na **conta 607 Traballos realizados por outras empresas** resultarán imputables polos centros de transformación os servizos de limpeza técnica especializada, desinfección sanitaria, controis de plagas e actuacións esporádicas vinculadas ao cumprimento dos protocolos sanitarios e de seguridade alimentaria.

Na conta **621 Arrendamentos e canons** resultarán imputables con carácter exclusivo as cotas periódicas de *softwares* de xestión e control de presenza dos espazos de traballo.

Na conta **622 Reparacións e conservación** unicamente resultarán imputables os gastos de reparación, mantemento técnico especializado, calibración e posta a punto da maquinaria e equipamentos de produción alimentaria. Esta conta so poderá ser solicitada polos centros de transformación alimentaria.

4.3. Exclusións

Non se subvencionán en ningún caso os seguintes conceptos:

- **Gastos ordinarios e de funcionamento:** subministracións (auga, luz, internet, etc.), limpeza habitual e fotocopias.
- **Gastos suntuarios ou de representación:** cáterings, catas, decoración, agasallos e outros análogos.

- **Gastos xerais e indirectos** derivados da actividade habitual da entidade solicitante

4.4 Contía

A contía máxima da subvención a conceder será o 50% do importe estimado do orzamento de gastos co límite de 54.000 euro**s**.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

Estas axudas son compatibles con todas as demais axudas do Plan de Emprego Local.

Ademais serán compatibles con calquera outra axuda pública ou privada para financiar os mesmos conceptos.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma da solicitude regúlase na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase na convocatoria, que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na Política de Privacidade da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

7.1 Compromisos e obrigas específicos

Os concellos e as entidades beneficiarias, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

- Comunicar a través da plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada sen que en ningún caso implique aumento do importe da axuda concedida.
- Cumprir coas obrigas e requisitos esixidos nas presentes bases reguladoras, no Protocolo de Actuación dos Espazos de Traballo Integrados na Rede Provincial.

A Deputación poderá comprobar o efectivo cumprimento destas cláusulas a través da correspondente actuación de control financeiro.

7.2 Difusión do apoio da Deputación

O concello ou a entidade deberá cumprir cos requisitos de identidade establecidos no Protocolo de actuación dos espazos de traballo integrados na Rede provincial, mantendo unha imaxe homoxénea todos oscentros de coworking integrantes da Rede, e comprometéndose a dar publicidade da pertenza á mesma, debendo constar en todas as comunicacións, internas e externas o logotipo da Deputación Provincial da Coruña, do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo segundo as pautas de comunicación e identidade establecidas no Protocolo.

Base 8. Valoración de solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Criterios de valoración

Para ter dereito á subvención o concello ou entidade titular do espazo de traballo avaliaranse unha serie de criterios que se especifican a continuación.

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un check-list de valoración dispoñible en SUBTeL que seleccionará cada solicitante no momento de cubrir a solicitude.

A puntuación máxima das solicitudes será de 100 puntos, obtidos mediante a suma dos criterios de valoración indicados a continuación. Concederase a subvención ás propostas que acaden un mínimo de 50 puntos, agás no suposto de entidades que leven menos dun ano de funcionamento que deberán acadar 45 puntos, conforme ao seguinte baremo:

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA LIÑA DE PEL-REDE COWORKING			
	Criterio de valoración	**Aspectos valorables**	**Puntuación máxima 100**
1	Poboación do concello no que se atopa o espazo	Menor ou igual a 2.000 habitantes	35
		De 2.001 a 5.000 habitantes	30
		De 5.001 a 10.000 habitantes	25
		De 10.001 a 20.000 habitantes	20
		De 20.001 a 50.000 habitantes	15
		Maior de 50.000 habitantes	0

RPT-21603607

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA LIÑA DE PEL-REDE COWORKING			
	Criterio de valoración	**Aspectos valorables**	**Puntuación máxima** **100**
2	Tipoloxía do espazo (sinalar unha única opción)	Espazo de transformación agrícola, agropecuaria ou gandeira	15
		Coworking	10
		Viveiro de empresas	10
		Centro de negocios	10
3	Ter establecido un prezo polo uso do espazo	Non	0
		Si	10
4	Ter renunciado/sido obxecto de perda do dereito ao cobro desta subvención na anualidade anterior	Non	10
		Si	0
5	Porcentaxe de ocupación media no ano 2026 (*) (sinalar unha única opción)	Igual ou superior ao 70%	10
		Entre o 40 % e o 69 %	8
		Inferior ao 40 %	0
6	Continuidade na xestión do espazo (sinalar unha única opción)	O contrato da asistencia técnica de 2027 realizarase por un ano (12 meses)	10
		O contrato da asistencia técnica de 2027 será por un ano prorrogable por outro	20
		O persoal xestor imputado polas entidades sen ánimo de lucro continuará a ser o mesmo en 2027 que na anualidade anterior	20

(*) Este criterio aplicará aos espazos que leven un ano ou máis funcionando e computarase como se indica no Anexo da memoria

8.2 Procedemento de concesión

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia competitiva, e o tipo de concesión destas axudas será o de concesión definitiva, segundo o regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

Base 9. Xustificación e pago

9.1 Xustificación da subvención

O concello ou entidade beneficiaria da axuda deberá xustificar a través da plataforma telemática SUBTeL (no apartado Xustificación da súa solicitude) os gastos subvencionables realizados na anualidade 2027 achegando a documentación relativa á xustificación recollida no Anexo II. Documentación da xustificación.

9.2 Prazo de xustificación

O prazo para a presentación da xustificación da subvención rematará o 31 de marzo de 2028.

Base 10. Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto no capítulo VI da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación da Coruña e no Protocolo de actuación dos espazos de traballo integrados na Rede provincial.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións:

Declaro que a entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos nas bases reguladoras da presente convocatoria, na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña publicada no BOP número 185, de 29 de setembro de 2025, e no Protocolo de Actuación dos Espazos de Traballo Integrados na Rede Provincial e que no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométome a cumprir fielmente todos os compromisos e obrigas recollidos nas mesmas e acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.

- Declaro cumprir cos requisitos de identidade, mantendo unha imaxe homoxénea todos os espazos da Rede, e de dar publicidade da pertenza á mesma, debendo constar sempre o logotipo da Deputación Provincial da Coruña, do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo segundo o establecido no Anexo

do Protocolo relativo á Comunicación e Identidade

Documentación:

- Memoria explicativa da actividade (segundo o modelo dispoñible en SUBTeL), referente á actuación específica para a que se solicita a subvención.
- No caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade: Solicitude de autorización segundo o disposto no artigo 29.7.d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Acreditación de que o concello ou entidade dispón do financiamento suficiente para cubrir a parte do orzamento da actividade non financiada pola Deputación.
- No caso de entidades sen ánimo de lucro, estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente e a composición da Xunta directiva ou documentación acreditativa da súa natureza xurídica e da composición dos seus órganos de goberno, conforme á súa normativa específica

Documentación complementaria da solicitude:

Os documentos relacionados poden ser obxecto de consulta entre as administracións públicas.

- No caso de non autorizar na solicitude en liña a consulta de datos coa Xunta de Galicia, ou que esta non sexa posible, a persoa solicitante deberá achegar o **"Certificado de estar ao corrente de pago coa Xunta de Galicia para percibir axudas ou subvencións"** xunto coa solicitude.
- No caso de non autorizar na solicitude en liña a consulta de datos coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, ou que esta non sexa posible, a persoa solicitante deberá achegar o "**Certificado de estar ao corrente de pago de obrigas tributarias**" xunto coa solicitude.
- No caso de opoñerse na solicitude en liña a consulta dos datos coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, ou que esta non sexa posible, a persoa solicitante deberá achegar o "**Certificado de estar ao corrente de pago coa Seguridade Social**" xunto coa solicitude.

ANEXO II - Documentación da xustificación

Declaracións:

- No caso en que os gastos xustificados adecuadamente non acaden o importe mínimo a xustificar, ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: RENUNCIO á parte da achega provincial non xustificada.

- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: ACEPTO a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).

- Declaro que os gastos presentados no expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade do concello/entidade.

Documentación:

A subvención concedida farase efectiva logo da presentación da seguinte documentación xustificativa do cumprimento das condicións e da consecución dos obxectivos previstos na concesión:

-Documentación común a todas as entidades:

- Memoria de actuación xustificativa das actividades realizadas e dos resultados obtidos segundo o modelo dispoñible en SUBTeL.

- Certificación de todos os ingresos públicos ou privados, solicitados, concedidos ou obtidos para o mesmo obxecto.

- Acreditación da publicidade da Rede Provincial de Espazos de Traballo en todos os documentos, actividades e demais materiais divulgativos xerados no marco das actividades obxecto da subvención.

- No caso de que proceda, declaración da entidade na que indique que se atopa exenta do IVE e, no seu caso, que está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible.

- A relación clasificada dos gastos, na que deberá achegar as facturas detalladas e con prezos unitarios correspondentes ás actividades realizadas ao abeiro da subvención

- Certificación de gastos: impreso descargable en SUBTeL que se xera automaticamente unha vez cumprimentada a relación clasificada dos gastos realizados.

- No caso de que non se estea de alta na base de datos de terceiros da Deputación provincial da Coruña ou teña intención de asignar unha nova conta bancaria:

    - Modelo de designación de conta bancaria para incluír no Rexistro de terceiros para os efectos de domiciliación dos pagos na Deputación da Coruña

Certificado acreditativo da titularidade da conta emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente.-Documentación a presentar polos concellos:

- Certificación de que a/as contratación/s realizada/s ao abeiro desta convocatoria se axustaron á Lei de Contratos do Sector Público e indicación do procedemento de contratación/adxudicación seguido.

-Documentación a presentar polas entidades sen ánimo de lucro:

- Tres ofertas de distintas empresas provedoras, como mínimo, no caso de que o gasto a un mesmo provedor sexa superior a 15.000 € (IVE excluído), nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

- No caso de entidades sen ánimo de lucro que solicitaron a subvención para as contas de Soldos e salarios e Seguridade Social a cargo da entidade:

    - Contrato de traballo e alta na Seguridade Social da persoa contratada

    - Nóminas da persoa contratada ao abeiro da subvención e "Cálculos globais do/a traballador/a" que se incluirán na relación de gastos.

    - Declaración da porcentaxe de xornada dedicada a labores de xestión, dinamización e coordinación do espazo de traballo colaborativo.

Documentación complementaria da xustificación:

Os documentos relacionados poden ser obxecto de consulta entre as administracións públicas.

- No caso de non autorizar na solicitude en liña a consulta de datos coa Xunta de Galicia, ou que esta non sexa posible, a persoa solicitante deberá achegar o "Certificado de estar ao corrente de pago coa Xunta de Galicia para percibir axudas ou subvencións" xunto coa solicitude.
- No caso de non autorizar na solicitude en liña a consulta de datos coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, ou que esta non sexa posible, a persoa solicitante deberá achegar o "Certificado de estar ao corrente de pago de obrigas tributarias" xunto coa solicitude.
- No caso de opoñerse na solicitude en liña a consulta dos datos coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, ou que esta non sexa posible, a persoa solicitante deberá achegar o "Certificado de estar ao corrente de pago coa Seguridade Social" xunto coa solicitude.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Concellos da provincia e entidades sen ánimo de lucro, titulares de espazos de traballo da Rede Provincial de Coworking da Deputación da Coruña

Segundo. Obxecto

SUBVENCIÓN PARA A DINAMIZACIÓN E XESTIÓN DOS ESPAZOS DE TRABALLO DA REDE PROVINCIAL DE COWORKING. PEL-REDE COWORKING 2027

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

255.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciarase ás 09:00 horas do día 20 de novembro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 18 de decembro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Ayuntamientos de la provincia y entidades sin ánimo de lucro, titulares de espacios de trabajo de la Red Provincial de Coworking de la Diputación de A Coruña

Segundo. Objeto

SUBVENCIÓN PARA LA DINAMIZACIÓN Y GESTIÓN DE LOS ESPACIOS DE TRABAJO DE LA RED PROVINCIAL DE COWORKING. PEL-REDE COWORKING 2027

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

255.000,00 €

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 09:00 horas del día 20 de noviembre de 2026, y finalizará a las 14:00 horas del día 18 de diciembre de 2026, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.